

BARROCO

OBRA: A FRAGUA DE VULCANO

ESTILO: Barroco

AUTOR: DIEGO DE SILVA Y VELÁZQUEZ

CRONOLOXÍA: 1630

MATERIAL: Óleo sobre lenzo

MEDIDAS: 223 cm x 290 cm

LOCALIZACIÓN: Museo do Prado



COMENTARIO

(CARACTERÍSTICAS XERAIS DA PINTURA DE VELÁZQUEZ)

A obra de Velázquez evolucionou constantemente a través de varias etapas, correspondendo a presente obra a un dos seus traballos durante a súa primeira viaxe a Italia e pintada en 1630. O tema é un episodio mitolóxico moi coñecido: Velázquez capta aquí o instante en que Vulcano, o deus do fogo e da metalurxia, é interrompido por Apolo para contarlle o adulterio da muller de aquel (Venus) co deus Marte. Vemos que a noticia contada por Apolo provoca unha reacción de sorpresa entre todas as personaxes, sobre todo do marido burlado, tal como se apreza nos seus ollos. O pintor elixiu, polo tanto, un momento de gran tensión e dramatismo, xa que hai que ter en conta ademais que segundo este episodio mitolóxico, naquel mesmo instante Vulcano e os seus axudantes estaban precisamente traballando unha armadura para Marte. Por outra banda, o episodio elixido tiña relación co tema do deshonor, algo moi habitual na España do Século de Ouro.

Atopamos de novo a delicadeza, a discreción e a elegancia de Velázquez, xa que non elixiu outros momentos máis escabrosos desta lenda, como o momento en que Vulcano sorprende no leito á súa muller e ao seu amante. Nesta obra, Velázquez combina ou funde tres xéneros distintos á vez:

- O xénero mitolóxico asimilado durante a súa estancia en Italia, onde tiña tanta tradición este tema, tan inusual en España, e que permitía tratar o estudo anatómico a través dos espidos. Aquí vemos un atento estudo do corpo masculino, a través das partes espidas das personaxes, incidindo no caso de Vulcano na evidencia da súa deformidade física (a súa coxeira).
- Unha escena de xénero ou cotiá, xa que representa o interior dun obradoiro de metalurxia do S.XVII, cun grupo de traballadores na fragua.

- Unha natureza morta, coa representación detallada dos obxectos que aparecen no taller (outra vez vemos como o pintor capta minuciosamente as ferramentas e materiais realizados no taller, cos seus brillos e texturas, así como tamén recolle e plasma maxistralmente o ambiente deste espazo real, sobre todo a magnífica sensación obtida no ferro quente e o resplandor do fogón no fondo da estancia.

En canto á composición, temos aquí outro interior, centrándose na escena arredor do yunque, onde se atopa Vulcano, mentres que vemos a Apolo recortado no lado esquerdo da obra, sobre un van aberto que estende a profundidade máis aló da habitación. Desta maneira, as dúas figuras principais aparecen destacadas e potenciadas sobre o resto das personaxes, os obreiros do taller, que se atopan en actitudes comúns, algúns traballando de costas (o que axuda a aumentar a sensación de profundidade) ou de perfil. Por outro lado, o pintor non se limita xa a unha mera representación das figuras humanas, senón que leva a cabo tamén unha auténtica análise psicolóxica das actitudes e expresións, captando así a irascible indignación de Vulcano e a asombrosa sorpresa dos seus axudantes, que reciben con estupor o relato da noticia.

Ademais, Velázquez, como era típico no Barroco, está moi interesado polos contrastes para suplir a falta de movemento físico na escena: desta maneira, o pintor opón a mitoloxía e a vida común, a idealización de Apolo (cunha aureola divina) e o rudo naturalismo de Vulcano e os seus axudantes.

Tecnicamente prezamos tamén como desde a súa volta de Italia nótanse innovacións no estilo e no traballo deste pintor, que gaña agora en mestría e calidade. Por exemplo, vese que Velázquez abandona definitivamente o tenebrismo, manifestando todo o que aprendera en Italia. O efecto ou sensación buscada polo artista é a de que Apolo entra no taller de Vulcano, nunha caverna escura dentro dun volcán e desaparecen as tebras. Outras das leccións aprendidas en Italia son o interese pola profundidade espacial e o emprego da perspectiva aérea, tal como se aprecia na figura do obreiro do fondo, pintada de maneira máis imprecisa en contraste coas personaxes do primeiro plano, que vemos máis nítidos e perfilados.